



Espiñeira, 10-Baixo 15706 Santiago de Compostela | www.tempodapsicoloxia.gal | 981 534 049

NOTA DE PRENSA

A violencia no ámbito da familia pecha o ciclo das conversas da primeira edición de "Tempo da Psicoloxía"

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2019. Mañá **mércores, 20 de febreiro**, continúa a primeira edición de "Tempo da Psicoloxía", un encontro que nesta ocasión xirará arredor da violencia en diversas actividades que se estenderán ata o xoves 21. Nesta terceira xornada e a última aberta ao público xeral, a violencia no ámbito da familia será o contexto que se debaterá nesta actividade promovida polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e a Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela e que comezará **ás 18:30 horas** no Auditorio ABANCA da cidade compostelá.

Esta palestra que estará moderada pola xornalista **Antía Díaz**, de Radio Voz. **Mónica Permuy**, directora da Fundación Meniños, **José Manuel Oreiro Blanco**, psicólogo da Oficina de Atención á Vítima da Coruña, **M^a Paz Filgueira Paz**, xuíza titular do Xulgado de Familia nº 12 de Vigo, e **Concepción Fernández Fernández**, concelleira de Políticas Sociais do Concello de Santiago de Compostela, contribuirán coa súa experiencia para abordar este contexto.

Esta conversa é de acceso libre e gratuíto e vai dirixida ao público xeral. "Tempo da Psicoloxía" pretende ser unha actividade divulgativa da psicoloxía na sociedade, que terá unha temática concreta como protagonista en cada edición anual, e no que a perspectiva de xénero e os valores de igualdade constitúen un elemento transversal en todas as actividades.

O **xoves 21** terá lugar a última das actividades da primeira edición de "Tempo da Psicoloxía", pero nesta ocasión estará reservada para o alumnado e profesorado de Psicoloxía e a comunidade académica. Trátase dunha conferencia de **Neus Roca Cortés**, profesora da Facultade de Psicoloxía da Universidade de Barcelona e que se centrará na **violencia de xénero**. Esta actividade, que se enmarca dentro dos actos de celebración do Día da Psicoloxía Académica, está pensada especialmente para os futuros psicólogos e psicólogas, xa que as institucións promotoras consideran esencial a formación en materia de xénero para o exercicio da Psicoloxía.

ORGANIZA



FACULTADE DE PSICOLOXÍA

COLABORA



Actividade subvencionada pola Deputación da Coruña



Espiñeira, 10-Baixo 15706 Santiago de Compostela | www.tempodapsicologia.gal | 981 534 049

Saúdos,

Departamento de comunicación:

Eliana Martíns

981 534 049 / 699 908 968

comunicacion@copgalicia.gal

ORGANIZA



FACULTADE DE PSICOLOXÍA

COLABORA

//ABANCA



X21



Deputación
DA CORUÑA

Actividade subvencionada pola Deputación da Coruña